

ROULANDO

Revista do IES República Oriental do Uruguai
Maio, 2021

No 2



EDITORIAL

DESPEDIDA DE 2º DE BACH

Despois deste curso tan canso, á fin, os de 2º de Bacharelato rematamos as clases. Pero non pensedes que pasou o peor, aínda nos quedan as ABAU. Non hai moito que envexarnos.

Con todo, ao final os cursos pasan máis rápido do que parece e, aínda que agora non o pensedes, probablemente botaredes en falta os recreos e os bocatas de tortilla da cafetería. Sobre todo os bocatas. Se cadra, algo máis que o tempo dirá.

Así que forza, especialmente para os de 1º da ESO, aos que vos queda un longo camiño de clases interminables; e para os de 1º de bacharelato, que ides suar sangue o ano que vén.

Respecto desta revista, queda nas vosas mans, e retámosvos a facer dela algo que todo o mundo poida desfrutar e do que sentirvos orgullosos.

Até máis vernos e que vos sexa leve!

Miguel Berros (2º BACH)



ÍNDICE

	PAX
AS NOVAS	
A situación do feminismo _____	2
María Losada, Telma Campos, Kiara Tombo, Antía Rodríguez	
Arte a ter en conta _____	4
Zorayda Paccini (1º BACH)	
Romanía _____	6
Iacov Toader (1º ESO)	
COIDO QUE...	
Plan comunitario de Teis _____	7
Iacov Toader (1º ESO)	
CON CIENCIA	
Investigación co STEM: galego e alzheimer —	8
Violeta Álvarez, Catuxa Carrera, Pablo Molejón (2º BACH)	
Polosaurus para dentro de 5 ou 7 anos? —	9
Pablo Rodríguez (1º ESO)	
CONTO CONTIGO	
Máis dunha vida _____	10
Cristian Ledo (1º BACH)	
REVERSO	
Algunhas adiviñas líricas _____	12
2º ESO	
ESTIVEMOS CON...	
Entrevista a Jose Trigo e Ramón Trigo _____	13
Biblioteca con Pablo Barciela, Pablo Molejón e Miguel Berros	
SEAREIR@S	
O celta en pandemia _____	15
Antón Justo (2º ESO)	
As carreiras ao sprint chegan á F1 _____	16
David Martínez (2º ESO)	
EFECTO SONORO	
Alan Walker _____	17
Uxía Soto (2º ESO)	
A TIRA	
Tiras cómicas _____	18
3º ESO	
O avó Fran en Exipto _____	20
Francisco Grande (2º ESO) e Antonio Grande (1º ESO)	
XOGAMOS?	
Que praza ocupa o coche? _____	21
Hugo Regueiro (1º ESO)	
QUE VER? QUE LER?	
Unha primavera para Aldara _____	21
Antón Álvarez (1º ESO) Club de Lectura.	
Wandavisión _____	22
Bruno Núñez (1º BACH)	
Cuñados: filme de Toño López (2021) _____	22
Helan Roda (1º BACH)	

A situación do feminismo

María Losada, Telma Campos, Kiara Tombo e Antía Rodríguez (2º ESO)

No mundo existen moitos problemas que están sucedendo día tras día, e moitas veces non nos decatamos diso. Hoxe imos tratar un deles que está moi presente nas nosas vidas e que por sorte non é tan grave como o era hai uns anos. Estamos referíndonos ao machismo, un termo para referirnos á desigualdade de xénero.

A que non coñecedes a Ada Lovelace? E coñeces as nenas que crearon unha app que che mostra unha ruta e que se non a segues mándache unha mensaxe para confirmar que estás ben? Esta app ten como obxectivo acompañar ás mulleres aos seus destinos sem que lles pase nada (a app chámase When&Where) e as nenas que a crearon son Lucia Fernández, Paula Fernández, Nuria Villoria, Sandra Caamaño y Lucía Adrián, do IES Velázquez de Móstoles.



Que non coñezamos a mulleres que fixeron moito por nós é por causa da desigualdade de xénero, por que non se lles atribúe tanto mérito as mulleres coma aos homes?

A continuación trataremos de feminismo e tamén sobre unhas rapazas do noso instituto que fixeron uns panfletos moi peculiares.

- Por que existe a desigualdade de xénero e qué é o feminismo?

A desigualdade de xénero prodúcese pola discriminación debido ao xénero. O seu impacto na sociedade está en distintos aspectos, como por exemplo no eido social, laboral e cultural. Desde o punto de vista laboral a muller nalgúns casos segue sen recibir o mesmo salario ca os homes. Pero non todo é desigualdade senón que tamén hai distintos puntos de vista respecto á diferenza dos xéneros, estamos a falar do feminismo. Este termo refírese ao movemento social que pide para as mulleres o recoñecemento dos dereitos que tradicionalmente só tiñan os homes. Esta loita por conseguir os mesmos dereitos para todos os xéneros é de todos e debemos contribuír e axudar a que o mundo sexa un lugar mellor para que así as nosas descendentes non teñan que sufrir a desigualdade.

- O feminismo é necesario?

Como xa dixemos antes, o feminismo é un termo para referírmonos á desigualdade de xénero e ter os mesmos dereitos ca os homes, pero aínda hoxe non os temos. Pode ser que teñamos dereitos sociais e políticos na maioría de países, aínda que non en todos, xa que nalgúns hoxe en día hai problemas de machismo no que moitas mulleres teñen que estar baixo o poder dos homes, pero non temos os dereitos sociais que nos merecemos, porque saír á rúa con medo de ser perseguidas, de que nos asubíen, de ser observadas ou de ser violadas NON é un dereito.

Moitas persoas din que o feminismo xa non é necesario, que xa temos os dereitos que nos merecemos, pero esas persoas non saben que aínda non temos os nosos dereitos sociais. De feito, moitas veces din que nós nos facemos as vítimas ou que somos as culpables, cando é xusto ao revés. As mulleres son as que teñen que sufrir todos ese abusos, porque no mundo segue habendo machismo, aínda que menos, pero séguese habendo, por iso o feminismo é necesario para poder cambiar isto e que as mulleres non teñan que saír á rúa con medo e poidan vivir sen “pertencer” aos seus maridos, sen obedecelos e cando o fagan que estes non lles peguen ou abusen delas.

De feito, hai quen para referirse ás persoas que están involucradas no feminsimo e que loitan por el, chámamlles “feminazis”, porque pensan que o que queren é que en vez da igualdade de xénero, é que as mulleres sexan máis poderosas ca os homes e que de feito se cren superiores a eles.


- Tipos de feminismo:

O feminismo é un movemento que busca a igualdade entre os xéneros, tendo en conta que o xénero feminino está en desvantaxa co masculino. Dentro deste termo, existen outros subtipos, que imos ver agora, pero só os mais importantes, xa que hai máis:

- **Feminismo radical:** Este tipo de feminismo, consiste en loitar contra o patriarcado que dominou, oprimiu ou subordinou as mulleres. É a filosofía que considera que o patriarcado dividiu de xeito sexista privilexios e dereitos para outorgar o poder da sociedade ao sexo masculino, é dicir, para beneficialo. Por este motivo, este tipo de feminismo quere a eliminación dunha sociedade patriarcal. Con este tipo de feminismo hai algúns problemas, xa que moita xente cre que se opoñen aos homes, pero non é así, só se opoñen a que as mulleres teñan que ser tratadas como inferiores aos homes.
- **Feminismo negro:** Este tipo de feminismo defende que o sexismo, a opresión de clases e o racismo están relacionados. A relación entre estes conceptos chámase interseccionalidade. Este termo foi usado por primeira vez por Kimberlé Crenshaw. No seu traballo ela di que o ser muller e ademais negra non podía ser entendido de xeito independente por ser unha muller negra senón que debe ser incluído no debate pola liberación.
- **Feminismo da diferenza:** Céntranse en que as diferenzas, ollo non a desigualdade, entre homes e mulleres, pode supoñer un elemento liberador da muller. Defenden o empoderamento feminino desde a reivindicación de marcas de xénero/sexo: estéticas como a maquillaxe, a maternidade, a sensibilidade, etc.
- **Feminismo disidente:** Este tipo de feminismo busca promover a igualdade entre homes e mulleres pero non defenden as mesmas ideas que presentan outras correntes feministas.

- As "FEMINAZIS" do noso instituto

Catro rapazas de terceiro da ESO fixeron un panfleto feminista no que se autodenominaban feminazis xa que moitos as chamaban deste modo a pesar de que só son feministas e nunca recorreron á violencia. E pareceulles unha boa idea utilizar este feito ao seu favor. Tomaron esta decisión despois de que no instituto algunhas persoas as xulgaran, insultaran ou burláranse delas por ser feministas.



Neste panfleto elas falan do feminismo reclamando que non comprenden o alcume xa que o feminismo nunca matara a ninguén a diferenza do machismo que mata día a día. O panfleto incluía tamén unhas contas en redes sociais para demostrar así a súa forma de loitar contra o machismo, os insultos, etc... ás feministas.

Arte a ter en conta

Zorayda Paccini (1º BACH)

A arte está presente ó longo da nosa vida de moitas formas. As sete artes como o cine, a música ou as artes plásticas, por exemplo, acompañannos nos momentos máis importantes da nosa vida e historia. A arte acompañounos incluso na Prehistoria, como unha forma de comunicación antes incluso da escritura. A arte ten grande influencia na nosa historia e vidas actuais representando tamén as nosas vivencias da formas máis creativa, sensorial e emotiva posíbel.

Dorothea Tanning e Leonora Carrington foron dúas artistas pouco recoñecidas, esquecidas pola historia, que conviviron con artistas do surrealismo tan recoñecidos como Salvador Dali, quen co seu personaxe esaxerado as eclipsou. A obra da estadounidense Dorothea Tanning caracterízase polo retrato de nenos e xirasoís na maioría das súas pinturas. Teñen unha forte carga simbólica e un ambiente hostil. Dorothea tamen escribía e esculpía. Na internet case non se atopa nada da súa vida ou obra, máis que algúns vídeos ou artigos que recomendo persoalmente, pois é unha obra moi complexa, con gran coñecemento da anatomía e unha simboloxía moi metafórica.



"Autorretrato". Leonora Carrington



"Aniversario" (autorretrato).
Dorothea Tanning

Leonora Carrington, inglesa e nacionalista mexicana, foi outra pintora surrealista cun aspecto moito menos coidado e aloucado do que presentaba a señora Dorothea. Ela retratábase cuns cabelos despeiteados e unha "iena" ó seu lado. A súa obra preséntanos criaturas do seu imaxinario, criaturas do bosque, con moita cor verde e un detalle asombroso.

Deixando de lado a estas artistas tan interesantes e talentosas ás que deberíamos prestarlles máis atención, quero mencionar outro artista moi interesante.

Michelangelo Merisi da **Caravaggio** naceu en Milán o 29 de setembro de 1571 e faleceu no Porto Ércole o 18 de xullo de 1610, coñecido como Caravaggio, foi un pintor italiano, activo en Roma, Nápoles, Malta e Sicilia entre 1593 e 1610. A súa pintura combina observacións realistas da figura humana cun uso dramático da luz; isto exerceu unha influencia decisiva na pintura do Barroco.

Caravaggio foi unha figura misteriosa, traballou para a Igrexa, o que o salvou de moitas "trastadas" cometidas na súa vida. Nun principio o artista pintaba figuras masculinas moi andróxinos e incluso homoeróticas segundo moitos, moitas figuras relacionadas coa mitoloxía grecorromana ou simplemente mozos facendo cousas.

Nun punto da súa vida foi acusado de "sodomita", pero nesta época el traballaba coa Igrexa e logrou salvarse dunha pena de morte polo feito de ser supostamente homosexual. Segundo moitos historiadores, Caravaggio a pesar de pintar homes fermosos e dunha forma homoerótica non era homosexual, pero o certo é que Caravaggio foi unha persoa moi problemática e que non lle importaba a opinión pública para nada.



"O triunfo de Baco". Caravaggio

Caravaggio foi moi relevante non só pola súa influencia no Barroco, senon pola súa forma única de pintar, encontrando a súa inspiración nas rúas e na xente destas, e a súa forma de expresarse cos demais, hoxe en día consideraríamolo "unha diva" ou unha persoa moi problemática. Moitas das súas figuras relixiosas son en realidade prostitutas ou vagabundos como na súa pintura "O triunfo de Baco" (o pintor gustáballe moito a figura do deus do viño) onde todos os personaxes son borrachos.

Caravaggio era moi prepotente e tiña moitos aires de grandeza. Non falaba da súa vida persoal pero si moito do seu talento. Non só era moi rápido pintando, senón que usaba moitas técnicas das que moitos artistas deberíamos aprender. Por exemplo, usaba a parte de atrás do pincel para rascar a pintura nalgúns partes dos corpos para darlles un efecto de liña máis potente, separando máis as figuras. O seu uso atrevido da cor negra era moi interesante pero tamén arriscado, xa que o negro é a cor máis complicada de usar á hora de pintar e Caravaggio era un experto.

Caravaggio nalgún punto da súa vida asesinou a algunha persoa coa espada que a propia Igrexa lle entregou e a súa morte foi en estrañas circunstancias. Crese que foi a propia Igrexa quen xa non podía tolerar o comportamento agresivo e prepotente do artista. Este pintor pasou á historia polo seu inmenso talento e a súa vida intrigante e fera e definitivamente moitos de vós tendes que ver moito máis da súa obra. Eu teño un libro moi bo coa obra completa de Caravaggio. Certamente é unha gran inspiración como pintor para moitos novos e novas artistas ó longo da historia e ata hoxe en día.



"A inspiración de San Mateo". Caravaggio

Romanía


Iacov Toader (1º ESO)

Romanía sitúase ao leste de Europa e limita ao norte con Ucraína, ao nordeste con Moldavia, ao oeste con Hungría e Serbia e ao sur con Bulgaria.

Romanía está atravesada pola cadea de montañas dos Cárpatos que ten unha superficie de 237.000km². Só hai unha zona de praia e está situada en Constanta Mamaia. En inverno a temperatura é moi baixa e en verán suave (25ºC como máximo).

Algunhas comidas típicas son: o sarmale que está feito por carne e repolo e o mamaliga feito con auga a ferver e millo en po.

En Romanía teñen moita importancia as festas. Fanse moitas festas, que duran 24 h; todo o día. Nas vodas contrátanse cantantes. Faise moita comida e tamén se consome moito alcol. As vodas e bautizos duran dous días.



Bosque nas montañas dos Cárpatos



Sarmale. Prato tradicional romanés.



Danza e vestimenta tradicional de Romanía



Plan comunitario de Teis

Iacov Toader (1º ESO)

Vou explicar a miña experiencia como usuario do Plan Comunitario de Teis para dar a coñecer un pouco máis o traballo desta importante peza do tecido asociativo da parroquia.

Comecei no 2015, cheguei alí porque meu irmán non ía moi ben cos estudos entón entrou no Plan e despois dun ano entramos o meu outro irmán e máis eu, para mellorar tamén nos estudos. Iremos tres días na semana. Ao chegar xogamos un pouco e escoitamos música. Despois pasamos lista e poñémonos a facer as tarefas. Marta e Xeno, que traballan alí axúdannos. Despois merendamos e falamos de distintos temas. Ao rematar cubrimos nunha lista como nos portamos ese día para ir mellorando. Cando hai un problema falámolo entre todas/os para tentar solucionalo. Axúdannos a 16 ou 16 rapaces/as a facer as tarefas, saber máis cousas, ter bo comportamento, e divertirnos.

Non somos os únicos que imos polo local, tamén vai polas mañás xente nova que abandonou os estudos e polas tardes persoas maiores.

Logo, fóra desas actividades, no verán facemos un campamento de dous días. Tres anos seguidos fomos a Aldán. Alí imos á praia, cantamos, bailamos, cociñamos e fregamos, xogamos ao fútbol... Un ano tamén fomos á Coruña, ao parque acuático. E durante o curso organizan excursións. Varias veces fomos a Balaídos, a animar ao celta. Tamén imos á Madroa para ver ao Celta no adestramento. Este ano fomos a Cangas e fixemos unha ruta polo litoral.

En resumo, estou moi contento de participar no Plan e recoméndoo. Se queredes coñecer un pouco máis sobre o Plan Comunitario de Teis, a súa historia e actividade, podedes consultar a súa páxina web: <http://www.planteis.org/>



Investigación co STEM: galego e alzheimer


Violet Álvarez e Catuxa Carrera, conversa con Pablo Molejón (2º BACH)

PABLO: No IES impártese a modalidade de bacharelato STEM vinculada ao ámbito científico. Un dos proxectos desenvolto este ano foi: “Definición local de limiares de normalidade para o test MMSE: aplicación ao diagnóstico da enfermidade de Alzheimer sobre unha base de datos de ámbito internacional”. A investigación, levada a cabo por Violet Álvarez e Catuxa Carrera, foi coordinada pola profesora do noso IES, Adela Rodríguez e tivo como titor ao investigador e docente da USC Pablo Aguiar Fernández.

VIOLET E CATUXA: O obxectivo do proxecto é utilizar o MMSE, un test de deterioro cognitivo, para establecer unha puntuación de corte en persoas sas, homes e mulleres, con distintos rangos de idade e escolaridade, para así aplicalo a unha mostra de persoas enfermas con Alzheimer. Tamén traducir este test ó galego ante a falta desta ferramenta diagnóstica no noso idioma. Basicamente pasámoslle o test a xente ó azar para establecer a puntuación media e logo comparámola cunha base de datos internacional (por mor da covid non puidemos tratar con pacientes de Alzheimer en persoa), e tentamos comprobar se a lingua era relevante ou non á hora de pasalo. E é relevante. Á parte de que é un dereito do paciente ser atendido na lingua propia, ten relevancia médica xa que, segundo estudos feitos pola neuropsicóloga Mairena Vázquez, un dos impedimentos á hora de realizar o test é que este se atope nunha lingua diferente á lingua nai do paciente. Tamén inflúe o nivel de escolaridade e outros factores, pero a lingua é un dos máis importantes debido a que pode implicar problemas de comprensión dalgunha pregunta e errala, tamén axuda a crear un ambiente de tranquilidade co paciente. Ademais, existen traducións do MMSE aos idiomas cooficiais de España, pero non o había en galego. Nós mesmas comprobamos que, ó realizar o test en galego ós voluntarios galegofalantes da mostra sa, a puntuación que obtiñan non era estatisticamente significativa, é dicir, que a lingua si é relevante.

VIOLET: Puidemos comprobar que o galego queda relegado de todos os ámbitos formais ou máis profesionais, e é complicado atopar médicos que che falen en galego. Ademais, cando iamos realizar a tradución do test preguntamos a varios médicos pola súa opinión e ata un médico galegofalante dixo que non lle parecía relevante traducilo, incluso despois de demostrarlle que si influía na puntuación e ensinarlle que estaba traducido ó catalán e ó euskera, o cal demostra a cantidade de prexuízos lingüísticos que aínda hai.

CATUXA: Como o galego só se fala na Galiza, emprégase moi pouco nese ámbito, ben porque a pesar de estar teóricamente normalizado, socialmente aínda está relegado a un uso menos formal, ou ben porque, como o galego só se fala aquí, non interesa tanto levar a cabo traballos nesta lingua, senón en castelán para que poida chegar a máis xente. Isto paréceme algo desacertado xa que deberíamos aproveitar a situación na que se atopa o galego actualmente para escribir máis artigos científicos e intentar devolverlle á lingua o status que tiña no pasado. Deste xeito poderíamos promover o seu uso en distintos ámbitos e entre xeracións novas, o que axudaría a normalizalo para intentar evitar a perda de transmisión interxeracional da nosa lingua.



Polosaurios para dentro de 5 ou 7 anos?

Pablo Rodríguez (1º ESO)

Apostaríame o coche que non teño a que coñeces a emblemática película Jurassic Park, ou que algunha vez pensaches que pasaría se os dinosaurios camiñasen entre nós. Pois que pensarías se che dixese que isto non está tan lonxe da realidade?


Jack Horne, un dos paleontólogos máis prestixiosos do mundo e que cambiou a nosa forma de ver os dinosaurios ao demostrar que eran seres sociais, o que serviu de inspiración a Spielberg, está completamente decidido desde hai uns anos a devolverlle a vida a un dinosaurio. Aínda que resucitalo non será como un parque xurásico. Partirán dun embrión de polo e con enxeñería xenética farano retroceder no tempo até ter un animal con trazos físicos semellantes aos dun dinosaurio terópodo. Empregarase a galiña por dúas razóns: a primeira é que coñecen o seu xenoma á perfección e a segunda é porque posiblemente a galiña sexa a ave máis común e a que máis confianza ten con nós. Partirase dun embrión xa que por agora non é posible conseguir ADN de dinosaurio.



Imaxe da película *Jurassic Park III*

O experimento trátase dunha modificación xenética? Pois non. En realidade o que están a facer é reactivar xens atávicos do ADN das aves e facer que volvan a expresarse. O primeiro que farán será atopar uns xens específicos no xenoma da galiña; buscarán tres xens específicos, os necesarios para activar o tamaño, os dentes e os que transformaron as gadoupas en ás. Por agora, só atoparon o dos dentes e polo tanto non lograrán o animal até atopar os tres xenomas básicos.

A utilidade deste experimento é estudar os mecanismos evolutivos. Tamén conleva importantes aplicacións médicas para as enfermidades de medula espiñal ou do crecemento. Segundo Jack Horner, non é perigoso en absoluto. O que queren é ter animais semellantes a dinosaurios, non velocirrautores ou tiranosaurios rondando por aí. O experimento custará un par de millóns de dólares, un custo pequeno cando se trata de facer gran ciencia.



Bosquexo do autor

Máis dunha vida

Cristian Ledo (1º BACH)

Entre as buliciosas rúas da cidade, cerca das afóras, un hospital álzase. O enorme edificio coa súa fachada branca daba unha sensación de paz e protección. Adentrándose na construción podemos ver a toda a xente que camiña dentro. Nun destes corredores hai un cuarto, o número 7-A onde están os nosos dous protagonistas: Ian e Laila. Levan alí dous meses e remataron por facerse amigos. Laila está paralizada da cintura abaixo e require unha cadeira de rodas para moverse, a cal normalmente leva Ian, xa que a súa nai sempre traballaba. Ian era un caso especial, carecía de memoria, diagnosticárono de amnesia, a súa mente esquecía a gran maioría do vivido, era moi difícil ter unha conversación fluída con el.

- Cales son os teus plans para hoxe?-preguntou Laila desde a súa cama.
- Non se pode facer moito neste lugar. Xa o sabes, por que o preguntas?
- Para acompañarte.

Laila mirou a Ian con ollos sarcásticos.

- Está ben, está ben, imos.

Ian levantouse e colleu a cadeira da súa compañeira, saíu pola porta sen Laila.

- Este rapaz tivo que espertar moi bromista. Ian!!!!

Entrou de novo no cuarto e achegouse a Laila, ela abriu os brazos para que Ian a collera, tras iso, colocouna na súa cadeira e levouna por todas as partes do hospital que lle resultaban agradables: a sala de espera, cuxas fiestras permitían ver a cidade, a cafetería para poder tomar algo e despois pediatría para poder pasar tempo cos nenos.

Unha noite, Ian non durmiu, non foi culpa dun pesadelo, simplemente quedou mirando o teito, Laila, tamén deitada tivo o desexo de falar con el.

- En que pensas?-preguntou en voz baixa. -Parece que trates de recordar como nos coñecemos-dixo con sorna.
- Ese resúltame un recordo demasiado abstracto-respondeu cunha voz claramente triste.
- Suponse que as persoas debemos encontrar un sentido a nosa vida, pero como debemos facer para encontrarlle un sentido encerrados aquí?
- ... Estar aquí non nos impide soñar con como sería o que queremos facer ca nosa vida.
- Se vou terminar esquecendo a miña vida... Quero vivila coma eu desexo.

Tras dicir isto o brillo dunhas bágoas asomáronse dos seus ollos.

- Intentarei que poidamos saír de aquí- suspirou Ian antes de que o silencio reinara.

Ao día seguinte, cando a enfermeira entrou no cuarto dos protagonistas, eles interceptárona coa mesma petición unha e outra vez. A enfermeira viuse acurrallada por dous pares de ollos de cordeiro e decidiu saír para falar co doutor da planta. Pouco despois entrou de novo no cuarto.

- Tedes ata as dez e media da noite- sorriu cuns benevolentes ollos.
- Sí!!-exclamaron ambos cheos de xúbilo e abrazándose pola emoción do momento.

Ian tomou o control da cadeira e saíron do cuarto. Laila propuxo ir ao centro da cidade, mais quedaba bastante lonxe, tanto que resultaba difícil velo dende alí. Ian comezou a correr todo o que puido para baixar o outeiro no que se alzaba o hospital, dende alí arriba ambos podían velo todo con claridade, o ceo azul, respiraban o aire fresco e escoitaban xente falar, o cal fixo que dous enormes sorrisos se formaran nas súas caras. Despois de dúas horas sen parar de camiñar e grazas a varias indicacións dos transeúntes, o dúo lograra chegar ata o centro. As rúas estaban vivas, a xente que camiñaba por elas era incontable e había demasiadas tendas e cafeterías. Eles presenciaron todo tipo de espectáculos da rúa e Laila aplaudiu tanto que as súas palmas eran dun vermello vivo. Cando a noite comezou a cubrir o ceo eles aínda non remataran de explorar, pero eran conscientes de que debían volver, de modo que esperaron nun cruce para repetir o traxecto.

Porén, os farois dun coche iluminaron onde eles estaban, e cando quixeron darse conta, este transporte estaba xa a poucos metros deles, sen darlles tempo a reaccionar. O coche golpeou cun dos seus laterais a Ian e Layla na maior parte, ademais de levarse parte do semáforo coa parte traseira do coche. Ian encontrábase tirado no chan cunha pequena poza de sangue cerca da súa cabeza, a súa vista era borrosa, pero no momento no que viu a Laila tirada no chan esqueceu a súa dor e levantouse para auxiliar a súa amiga. El axeonllouse á súa beira e comezou a comprobar se respiraba, elevando a cabeza da súa compañeira. Os seus ollos seguían aínda abertos. Varias das persoas que xa estaban alí chamaron a ambulancia mentres que Ian seguía inspeccionando a Laila.

-Non, non, isto non tiña que pasar Laila, síntoo, toda a culpa é miña, se non se me ocorrese esta estúpida idea...-as súas bágoas esvaraban polas meixelas dela.

-Teño sede...

-Auga... Vou.

Ian colocou coidadosamente a cabeza de Laila e foi por auga. Pero a ambulancia chegou antes do esperado e os médicos comezaron a colocar a Laila na padiola. Ian volveu aínda correndo e puido observar como cerraban a porta. El suplicou que non arrincaran, pero eles non o podían oír e iniciaron o camiño. Ian non pensou e correu detrás da ambulancia, mais despois de 10 minutos correndo sen parar, perdeunos de vista, e volvera esquecer algo importante, como chegar ata o hospital. Volveu correr por todas as rúas que encontraba para tratar de chegar. Mentres, na ambulancia, Laila sentíase desorientada, todo o seu corpo doía e toda a súa boca sabía a sangue. Deixárona no cuarto 7-A tumbada na outra cama mentres os doutores facían o posible por ela. Ela sentíase horriblemente mal. Vinte minutos despois, oíu a voz de Ian, preguntando onde estaba. Ela berroulle que estaba onde sempre, el fixo aparición no marco da porta coa maioría da súa cara manchada de sangue. Achegouse e comezou a tuser sangue no chan, tiña unha hemorraxia interna, e ter corrido tanto sen parar non axudara nada. Tumbouse na cama ao lado de Laila.

-Que hora é?- preguntou ela.

-As... dez e sete.

-Volvemos antes das dez e media.

Os dous riron suavemente.

-Recordo cando nos coñecemos, foi en... agosto...-dixo sen enerxía.

-Acordácheste! A boas horas-dixo cunha man na súa cara -Quería dicirte que grazas polo que fixeches por min... Grazas por este día, por preocuparte por min, e por asegurarte de que nunca me aburra... Sei que un grazas nunca será suficiente para te recompensar, pero é o que penso... Segues aí?

Layla estirou o seu brazo e cerrou a man, esperando a que Ian lle chocara a man, pero non houbo resposta.

-Iso pensaba...- baixando a man.

Ao seu lado, Ian xacía sen vida, o seu corpo pálido e os seus beizos que aínda brillaban de vermello non eran unha imaxe agradable á vista, pero, morreu xunto á súa amiga. Laila mirou o teito, e pensou no gran día que os dous pasaron xuntos, ela sorriu e os seus ollos comezaron a cerrarse mentres a súa vida escapou cun último suspiro.

-Moitos anos despois-

Un 7 de agosto, nunha buliciosa rúa, a noite xa reinaba en toda a cidade e a xente comezaba a camiñar aos seus fogares. Unha destas persoas, unha rapaza, parou en seco a outro rapaz que ía en cadeira de rodas. As súas olladas cruzáronse, ningún dos dous se moveu e entón ela achegouse a el e dixo:

-Boteite de menos.

Algunhas adiviñas líricas

2º ESO

Unha parte a outra dimensión,
de soños e de ilusión.
Verde, branco, azul ou vermello,
ás veces son de mirar de esguello.
Non se sabe de que será,
ata chegar ó final.

María Losada (Libro)

Moitas señoras de negro
coma nunha procesión camiñan, en
fila e sen rodeos
o seu traballo terminan.

Mateo Fernández (As formigas)

Aínda que ten dentes e garda a casa
nin roe nin ladra.

Lucas Posada (A chave)

Como corda eu amarro,
como cadeas suxeito,
teño un brazo e moitos dedos,
enterrados baixo o chan.
Sen aire non sobrevivo,
e sen terra non vivo,
teño xemas e non son ovo,
teño copa e non son sombreiro.

Kiara Tombo (Árbore)

Vivo entre dous muros,
que non poden verse,
e aínda que non me dobro,
dóbrame a xente.

Kiara Tombo (Esquina)




Ilustración de Uxía Soto (2º ESO)

Neste gran bloque de pisos,
de corredoiros marróns e fiestras verdes,
habita unha inxente cantidade de veciños,
que chegan a formar unha perfecta sociedade.
(Agás nas reunións, claro).

Leo de Santiago (Ábore)

Entrevista a Jose Trigo e Ramón Trigo

Biblioteca con Pablo Barciela, Pablo Molejón e Miguel Berros (2º BACH)

José Trigo (guionista) e Ramón Trigo (debuxante e artista) veñen de publicar neste ano, grazas ao micromecenado, a súa novela gráfica *Kartoffel. A toda máquina!* Nela tratan a presenza nazi em Vigo desde unha historia ficcionalizada, mais que contén en debuxo e texto unha boa cantidade de documentación e reprodución gráfica de documentos históricos. Este interese pola recuperación da memoria histórica e pola base documental, xa fora explorada no 2018 coa publicación de *Ricardo Mella, un home novo*, onde profundizan na vida do anarquista vigués e analizan a importancia histórica do seu pensamento e obra libertarios. Estiveron connosco o 18 de marzo para falarnos do seu proceso creativo e das claves da súa obra. Estas novelas e mais *O burato do inferno*, novela gráfica ambientada na Guarda que trata dos raqueiros e contrabandistas, podedes atopalas na Biblioteca. Sen dúbida, vaivos gustar a inquietante e expresionista proposta artística e a viaxe histórica que conteñen. Podedes acceder a máis información na web de Ramón Trigo e en Verkami.



- Por que Kartoffel? De onde xorde o interese por esta historia?

Kartoffel significa pataca en alemán, que era co que Galicia contribuía nos envíos de alimentación aos soldados alemáns. Interasábanos poñer de manifesto a conivencia do nazismo alemán co franquismo español. É unha homenaxe ao noso pai, sindicalista da CNT, e de feito incluimos a requisitoria contra el publicada en El pueblo Gallego. Tamén tratamos como na 2ª Guerra Mundial, Galicia foi un sitio estratéxico, aínda que na España neutral, para fornecer provisións, wolframio e como enclave de submarinos.

- Como de importante resultaba Vigo para o nazismo?

Moi importante porque era refuxio sobre todo para os submarinos. Por exemplo se tiñan algunha avaría, recoller alimentos, repostar, pero sobre todo para descansar as tripulacións. Aquí tamén estaba o colexio alemán que era un núcleo de nazis que era para xente ben, os máis ricos. Entón a través diso tamén había unha influencia importante porque era de prestixio. Chegaban á élite da cidade.

- Que hai de ficción e que hai de historia en Kartoffel?


Todos os personaxes son reais, hai unha lista ao final do cómic. O belga espía, era un belga enxeñeiro que traballaba para a fábrica de pinturas Castaño. Tamén os documentos e 20 fotografías son reais, algúns son reproducións debuxadas, e ademais no caso das fotos son inéditas. A documentación enmarca o inicio e final dos capítulos. O alemán nazi de Nigrán que sae ao comezo, morreu sen fillos e deixou toda a documentación e máis de 200 fotos alí, documentación na que están recollidas rutas e moitísima información. Mais a trama é ficticia.

- Por que a vida de Ricardo Mella nunha novela gráfica?

Ricardo Mella foi un home fundamental en Vigo porque dirixía a Compañía de Tranvías de Vigo, mais sobre todo porque foi un dos máis importantes pensadores anarquistas de España. O seu labor de tradución de referentes do anarquismo e a obra que recolle o seu pensamento libertario, aínda están pendentes de recoñecemento. Traballou na reclamación das xornadas de 8 horas e avogaba por unha loita sindical pacífica.

- Como é que Ricardo Mella é un personaxe tan pouco coñecido na cidade de Vigo?

É pola ideoloxía anarquista. É unha ideoloxía que está asociada de xeito erróneo ao terrorismo. É a concepción que hai, por iso as persoas vinculadas están denostadas ou repudiadas. Durante a transición estiveron involucrados na recomposición da CNT. Era tal a represión que nós xa reconstruíamos o sindicato e os vellos non tiñan contacto con nós. Foi a través de Álvarez de Cántara, un avogado de Vigo, que foi decano da facultade, que defendera a un anarquista de Vigo da Xuventudes Libertarias, e a través del puxémonos en contacto con esta xente.



- En xeral, a nivel histórico, tiveron moito apoio os anarquistas en Vigo?

Non era dos máis importantes, había quizais máis xente da UGT. O que pasa é que os anarquistas estaban en sectores moi importantes como os transportistas de navíos. En Cangas e Moaña predominaban nese sector. Eran importantes porque eran tamén os máis combativos. Eran máis revolucionarios. Mais daquela tiñan unha grande implantación e non se consideraban extremistas, como se valoran hoxe.

- Centrándonos máis na parte visual destas obras, os deseños teñen unha gran carga de expresividade e son moi persoais. Cal é a técnica dos debuxos?

Principalmente a tinta chinesa cunha base de trazado a carbón vexetal e xogando cos grises e a escuridade.

- Moitas grazas por achegarnos a vosa obra e traer ao presente feitos do pasado tan relevantes. Grazas pola vosa simpatía e polos debuxos en directo que foron un espectáculo digno de ver. Até outra!



O Celta en pandemia

Antón Justo (2º ESO)

Despois dunha tempada de gloria no ano 2017 con Eduardo Berizzo á fronte do Celta, na que case chega á final da UEFA Europa League, comezou, quizais, unha das peores épocas para o equipo dende xa hai tempo. Todo comezou coa destitución de Berizzo a finais da tempada 16-17 e, a partir da seguinte tempada comezará un vaivén de adestradores ata o día de hoxe. Durante este tempo pasaron adestradores que pouco tiñan que ver coa filosofía de xogo que tiña o Celta con Berizzo, o que, para moitos, provocou unha reestruturación á cal os xogadores nunca chegaron a acostumarse; probablemente unha das principais razóns pola cal o equipo case baixa á Segunda División.

Pero este artigo céntrase no presente. Hai algo que cambia esta tempada e que a fai diferente das demais: non hai público nas bancadas, hai que levar a máscara, os xogadores teñen que facer PCR... e isto todo por algo no que estamos pensando, a COVID-19. Entón, que foi do Celta en pandemia? A verdade é que a pandemia afectou enormemente ao Celta, un claro exemplo é que a xunta de accionistas estimou que as contas sufrirían un grande retroceso de doce millóns de euros. E o presuposto é moito menor que noutros anos. Deixando ao lado o diñeiro ímonos centrar no terreo de xogo. Este ano o equipo comezou ao mando de Óscar García. Para o inicio da tempada conseguíuse que se fichase a xogadores cedidos como Jeison Murillo, e a outros xogadores como Renato Tapia, que se está a converter nun dos xogadores revelación desta tempada, xa que é un grande medio centro defensivo que deixa pasar poucos balóns ás súas costas.

Porén, non todo foi tan ben coma se esperaba neste inicio de tempada, comezouse con boas sensacións na pretempada pero a partir das primeiras xornadas comezou a baixar o nivel de xogo e as derrotas e empates comezaron a eternalizarse. Ata a destitución de Óscar e a entrada ás filas do equipo de Eduardo Coudet que cambiaría radicalmente ao equipo. Trala entrada de Coudet, a filosofía de xogo comezouse a semellar máis e máis á antiga filosofía de Berizzo e gañáronse ata cinco partidos seguidos, o que se denominou "era Coudet". Durante este período gañáronse os partidos da primeira volta contra o Granada, O Athletic Club, o Cádiz e o Alavés, na Liga, e na Copa do Rei gañouse contra o Llanera. Con todo, na entrada no 2021 houbo catro partidos de derrotas seguidas ata que as derrotas, vitorias e empates volvéronse estabilizar ata o día de hoxe.

Hoxe o Celta está practicamente salvado do descenso ao superar a barreira dos 40 puntos, todo o contrario do que viña sucedendo en tempadas anteriores, e todos os seareiros cremos que aínda temos posibilidades de continuar na loita por Europa e clasificarse de novo.

ALA CELTA!



As carreiras ao sprint chegan á F1

David Martínez (2º ESO)



Lembro o que é o formato actual na Fórmula 1 e vou poñelo en comparación co novo:

VENRES: (agás Mónaco, en xoves) Adestramentos libres 1 e 2 (FP1 e FP2)	VENRES (novo) Adestramentos libres e clasificación
SÁBADO: Adestramentos libres 3 e Clasificación (FP3, Q1, Q2 e Q3)	SÁBADO (novo) Adestramentos libres cos reglaxes da carreira Carreira a 100 quilómetros de distancia
DOMINGO Carreira con grella da clasificación	DOMINGO (novo) Carreira con grella dos resultados da carreira de 100 km

Este novo formato non é un clon sen máis das carreiras normais, senón que ten varias aspectos diferentes, coma que ao ser tan curta a carreira NON é obrigatorio parar nos boxes e só haberá puntos para os que estean no podio, pero tampouco haberá celebración de podio, nin himnos nacionais.

Este é o ano perfecto para probar, hai que darlle vida a unha F1 que está morta polo dominio de Mercedes dende o 2014, é un ano experimental porque a F1 debía cambiar a normativa e non foi así pola pandemia. Os adestramentos libres van ser máis interesantes e estresantes para os equipos pola normativa do parc fermé, que consiste en non cambiar a configuración do coche despois da clasificación. Os equipos terán que adaptarse máis rapidamente á pista. O formato orixinal de clasificación non se vai perder, só é muda de día e terá máis importancia para a carreira do domingo. O sistema é moi querido polos afeccionados. Vai forzar os pilotos a maior concentración, posto que se un fixo segundo na calificación pero ten un accidente na carreira ao sprint e finaliza último, o traballo do venres non serviría para nada, polo que deberán concentrarse e iso provocará máis espectáculo.

Pode que haxa máis espectáculo ou non. Se o Mercedes sae último na carreira do sábado, en 8 voltas xa está no Top 10 polo DRS e polo coche, e iso, se hai que velo, mellor no domingo. Pero tamén invita a estresar a equipos e que erren máis. Pode ser crucial para o campionato porque se de dous rivais, un abandona ou ten un accidente, aínda que intente remontar o campionato sempre foron necesarios eses puntos perdidos. Por outra parte, pode rematar co dominio aburrido de Mercedes.

Alterará a carreira do domingo: a saída do domingo vaise ver con menos emoción, xa que a saída en parado, na grella, xa é vista no sábado, entón a carreira do domingo perde interese e esa chispa que a F1 tiña, apágase. O sistema de puntos non revelará o rendemento “real” dun piloto. Se un piloto remata 4º cun coche para facer 8º na carreira curta e na longa ten un accidente, sairá sen puntos de alí.

Sinceramente, creo que é un intento ben pensado pero que non vai ser suficiente para darlle a vida de novo a unha Fórmula 1 que leva en cardioparada sete anos. Xa se tentou con outras cousas tamén ben pensadas pero insuficientes, posto que aí seguen os de Mercedes. Será interesante o novo formato porque volve máis locas as carreiras na parte media, pero o que realmente importa non vai ser solucionado. Hai que buscar a maneira de volver a eses anos de igualdade e diversidade de opcións. Na Fórmula 2. Aí teñen adestramentos e Clasificación os venres. O sábado teñen a carreira longa, de 170 quilómetros en xeral. As primeira 8 posicións son invertidas para a carreira curta ou “sprint”, de 120 quilómetros, polo que o gañador da proba longa sae 8º e o 8º sae 1º na curta.

Alan Walker

Uxía Soto (2º ESO)

Alan Olav Walker, máis coñecido como Alan Walker, é un Dj noruegués, que gañou 2 Spellemans Awards con Faded en 2017 e 2019; 1 MTV Award ao Mellor Artista Noruegués en 2016, 2017 e 2018; 1 premio Eska Music Awards (premio especial) en 2017. É o creador de cancións dos xéneros House e Electro-House.



As súas cancións máis coñecidas segundo Spotify son:

- >> Faded feat Iselin Solheim (é a máis famosa)
- >> Fake a Smile feat Salem Ilese (é a máis nova)
- >> Lily (feat Emelie Hollow, K-391)
- >> Alone pt. II (feat Ava Max)
- >> On my Way (feat Sabrina Carpenter)

Aínda que esas son as máis famosas, eu recomendo:

Música HOUSE

- The spectre
- Diamond Heart
- Sing me to sleep (SMTS)
- Alone

Música ELECTRO-HOUSE

- Fade (melodía coa que iniciou Faded)
- Spectre (melodía coa que iniciou The spectre)
- Sky
- Avem (The aviation theme)



Tiras cómicas

3º ESO

Melisa T.



Iria Arias



Uxía Barciela




Claudia Pérez



María Sío




Olivia Navia



Meseret Pahino




Lucía Alonso




O avó Fran en Exipto

Francisco Grande (2º ESO) e Jose Antonio Grande (1º ESO)



Que praza ocupa o coche?

Hugo Regueiro (1º ESO)



Solución:
Óllao do revés e descubrialo

QUE VER? QUE LER?

Unha primavera para Aldara de Teresa Moure

Antón Álvarez (1º ESO)

É un libro que aínda que comeza amodo, a medida que colle ritmo e coñeces as personaxes é moi interesante e entretido. Usa un galego sinxelo, fácil de ler aínda que incorporei algunha palabra nova ó meu vocabulario. A descrición que fai a autora das situacións, baixo o meu punto de vista, paréceme un pouco escasa e custoume un pouco imaxinar e situar cada personaxe e cada estancia. A historia é boa e imaxinativa, os feitos succédense de forma ordenada de xeito que todo se entende perfectamente. A mensaxe que a autora suxire ó final do libro deixa ó lector moito no que pensar.

Por outra banda, persoalmente considero que os personaxes só teñen a profundidade precisa para desenvolver o nó da historia e pouco sabemos das súas vidas. Son como son, a autora non dá información abondo que nos permita saber do seu pasado ou por que son así. Por outra banda se entendemos que é un personaxe colectivo, o convento, é un ecosistema propio, unha singularidade no medio dun mundo onde cada un ten o seu lugar, alí, no convento, as monxas teñen liberdade, poden ser elas mesmas. É incluso unha irmandade.

Como conclusión dicir que é un libro recomendable, aínda que é a miña primeira experiencia lendo teatro e botei en falta unha descrición máis detallada das situacións e, sobre todo, dos lugares, coido que está moi orientado a ser representado, teatralizado e a min faltoume algo máis de detalle. En xeral, gustoume.”



Wandavisión

Bruno Núñez (1º BACH)

Wandavisión é a primeira serie creada por Marvel Studios, universo cinematográfico de superheroes que adapta os cómics de Marvel á pantalla. Nesta serie seguimos aos dous superheroes Visión e Wanda Maximoff, que se encontran vivindo nunha anomalía temporal en formato de sitcom ou comedia de situación.



En cada episodio represéntase unha década de comedia, así facendo un percorrido da evolución da comedia e humor americano durante as décadas televisivas. A medida que imos avanzando nos capítulos, vannos explicando as razóns do seu mundo anomálico, os incógnitos e sobre o pasado de Wanda, os seus poderes, historia e por qué fai o que fai. É moi recomendable verse as películas anteriores do UCM (Universo Cinematográfico de Marvel) cheas de acción, fantasía e ciencia ficción para poder entender os comportamentos dos personaxes, as habilidades e a maioría dos contextos. A serie consta de 9 episodios e, ao igual que todo o contido de Marvel e outras franquicias como Disney ou Star Wars, está dispoñible en “Disney Plus”.

Cuñados: Filme de Toño López (2021)

Helan Roda (1º BACH)

Eduardo e o seu cuñado Sabonis acaban de ser enganados nun dos seus negocios e precisan moitos cartos. Sabonis atopa a solución ao problema secuestrando a Modesto, cuñado da empresaria que os enganou e os deixou varados. Só hai un problema: Alicia non pretende pagar un euro polo seu cuñado. Non obstante, é o propio Modesto o que idea un novo plan co que Eduardo e Sabonis poderán salvar a adega familiar.

Esta película é un claro exemplo de comedia galega, sinxela, pero divertidísima! non houbo momento no que eu e os meus compañeiros non rimos, está moi ben escrito e o elenco é impecable con actores como Miguel de Lira e o mesmísimo Touriñán.



DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2021:

XELA ARIAS

De certo, a vida ía en serio.

Por iso morrer non conta
números.

Eras moza,
cómplice nunha derrota que non
sumabas. Feliz por terte insomne
por inmortal.

Xa temos cadáveres amigos
e coñecidos,
sabemos da morte o legado inútil.

Pero ¡que ridículo!, ¿non?,
abraza-lo feito feliz de xa medrar
camiñar ás aforas-
en tempos asepticamente tan
Alienados.

Fotografía: Xulio Gil

- >> Naceu en Lugo en 1962, medrou en Sarria e veu a Vigo con 7 anos.
- >> Estudou no CPI de Sárdoma e no IES do Calvario.
- >> Tras o paso polo instituto comeza a traballar na editorial Xerais.
- >> En 1986 publica o seu primeiro poemario Denuncia do equilibrio.
- >> Adicouse tamén á tradución de moitas obras: Contos ao teléfono de G. Rodari ou Drácula de Bram Stoker.
- >> Publica Tigres coma cabalos en 1990, poemas que dialogan coa fotografía de Xulio Gil, con quen casou.
- >> Participou en proxectos interartísticos. Colaborou en revistas como Dorna e Festa da Palabra Silenciada.
- >> Estuda Filoloxía e ao rematar traballa en diferentes institutos.
- >> Publica Darío a diario, centrado na experiencia como nai.
- >> Participa activamente nos movementos contra a guerra de Iraq e Nunca Máis.
- >> En 2003 publica Intempériome, síntese da súa poética inconformista, feminista e nos límites da linguaxe.
- >> Morre nese mesmo ano dun ataque ao corazón.

Roulando nº2

Revista do IES República Oriental do Uruguai
Maio, 2021 - Teis (Vigo)



Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega